



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Bases reguladoras do programa de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o ano 2023

ANUNCIO

Mediante Acordo da Xunta de Goberno número 9, do 17 de marzo de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Programa DP0025 de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o ano 2023, cuxo texto se transcribe en galego e en castelán:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA AXUDA AO DESENVOLVEMENTO – ANO 2023

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Coop. e Medio Ambiente
Anualidade	2023
Denominación	Programa de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña
Programa	DP0025
Aplicación orzamentaria	0520/23131/481
Importe da convocatoria	150.000,00 €
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 5.000,00 € Máximo: 20.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	0,80

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación nº 48073 do 16 de novembro de 2022 e publicadas no [BOP nº 224 do 25 de novembro de 2022](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/11/25/2022_0000007362.pdf): (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/11/25/2022_0000007362.pdf).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Liñas xerais e réxime xurídico específico

1.1. Liñas xerais

De acordo co criterio establecido polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da ONU, defínese a Axuda Oficial ao Desenvolvemento como os fluxos ou as correntes dirixidas aos países que figuran na lista de países receptores do CAD e ás institucións multilaterais de desenvolvemento con destino a receptores desa mesma lista de países, proporcionados por organismos oficiais, incluídos gobernos estatais e locais, de carácter concesional e cuxo principal obxectivo sexa promover o desenvolvemento e o benestar económicos dos países en desenvolvemento.

A nova Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, recoñece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar aos actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer o devandito obxectivo.

Esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades.

Segundo o establecido na dita Lei 1/2023, a planificación estratéxica artículase a través, entre outros, do Plan Director da política de cooperación para o desenvolvemento sostible. Este Plan Director establecerá a política de cooperación para o desenvolvemento sostible no marco das respectivas competencias de cada administración.

En parecidos termos exprésase a Lei galega 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que tamén menciona ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega, cuxa actuación deberá respectar os principios e criterios establecidos a través do Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

A “Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible”, asinada en 2015, representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais da globalización, situando no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A “Axenda” formula 17 obxectivos con 169 metas nas esferas económica, social e ambiental aplicándose por igual tanto a países desenvolvidos como en vías de desenvolvemento abordando a pobreza, a desigualdade e a degradación do planeta.

A cooperación ao desenvolvemento ten como finalidade apoiar aos países máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao progreso humano:

- impulsar o desenvolvemento sostible
- favorecer o benestar social
- erradicar a pobreza
- potenciar a defensa dos dereitos humanos.

Dende hai máis dunha década, e con fundamento na normativa citada nos apartados anteriores, a Deputación Provincial da Coruña ven prestando apoio aos axentes da cooperación galega, principalmente aos que teñen a súa sede ou delegación na provincia da Coruña, no financiamento de proxectos de axuda ao desenvolvemento, que respecten non só os principios, obxectivos e prioridades establecidas tanto na normativa estatal como na autonómica, senón as liñas xerais e directrices básicas establecidas a través dos documentos de planificación da cooperación estatal e autonómica.

A Deputación da Coruña promove anualmente a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de actividades e investimentos en materia de axuda ao desenvolvemento, nas súas distintas variantes (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) que se realicen por parte de entidades privadas sen ánimo de lucro da provincia da Coruña.

1.2. Réxime xurídico específico

- Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil.
- Lei 26/2015, do 28 de xuño, de modificación dos sistema de protección da infancia e da adolescencia.

Base 2.- Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 0520/23131/481 por un importe de 150.000,00 €. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 3.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Deputación da Coruña, en réxime de concorrència competitiva, para financiar gasto corrente en proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización social, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) que se realicen en 2023 por parte de entidades sen ánimo de lucro que teñan a consideración de beneficiarias de conformidade co establecido nas presentes bases.

Os proxectos deberán contemplar no seu deseño e execución as prioridades transversais definidas no “Documento marco. V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026)”, relativas á erradicación da pobreza, a igualdade de xénero, a defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, a participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil, e as seguintes outras prioridades:

PRIORIDADES XEOGRÁFICAS:

- a. África Subsahariana: Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.
- b. América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e El Salvador.
- c. América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.
- d. Caribe: República Dominicana.
- e. Os países considerados como países menos adiantados (PMA) terán, así mesmo, a consideración de países prioritarios por ser países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional, como poden ser Malí, Níxer, Senegal.
- f. Terán, así mesmo, a consideración de países prioritarios aqueles países onde a cooperación galega xerese capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e aquelas afectadas por conflitos actuais, esquecidos ou crises humanitarias como son: Poboación Saharauí, Territorios palestinos e Haití.
- g. Aquelas nas que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada unha ampla experiencia de traballo, como pode ser a India.

COLECTIVOS PRIORITARIOS:

- a. Mulleres e nenas, particularmente as que vivan en zonas desfavorecidas e sen recursos, e poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.
- b. Infancia e mocidade, especialmente a que se atope en risco ou con discapacidade, a sometida a explotación infantil, as persoas menores excluídas do sistema educativo e a mocidade excluída do mercado de traballo.
- c. Poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de maior discriminación (mulleres, nenas, persoas con discapacidade, etc).
- d. Persoas con discapacidade, persoas maiores dependentes e persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de diversas discriminacións.
- e. Poboación refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables (infancia, mulleres, persoas de idade, persoas con discapacidade etc). Dentro deste grupo preferente inclúese a poboación saharauí e a poboación palestina.

ÁMBITOS ESTRATÉXICOS:

- a. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
- b. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
- c. Impulsar a igualdade de xénero e máis o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.
- d. Promover a defensa dos dereitos humanos e o fortalecemento da sociedade civil.
- e. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.
- f. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

Base 4.- Destinatarios/as e requisitos

Poderán acceder á condición de beneficiario as entidades privadas sen ánimo de lucro validamente constituídas, cunha **antigüidade mínima de tres anos** antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, valorándose de modo especial a aquelas que, segundo os seus propios estatutos, teñan entre os seus fins a realización de proxectos de axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria e de emerxencia, sensibilización social, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) e estean **inscritas no rexistro galego específico para este tipo de entidades**.

Así mesmo, ademais dos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na Lei Xeral de Subvencións, son requisitos esixibles aos beneficiarios, que deberán estar cumpridos antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes:

- Ter sede social na provincia da Coruña.
- Poderán participar aquelas entidades que non teñan a súa sede social na provincia, pero dispoñan dunha delegación permanente e acrediten unha infraestrutura mínima na provincia da Coruña (persoal remunerado, local social ou oficina administrativa) e realización de actividades na mesma.
- Tamén poderán participar as entidades que non cumprindo os requisitos anteriores, promovan proxectos de actividades que se desenvolvan dentro da provincia da Coruña.

Base 5.- Exclusionós

Non serán obxecto de subvención neste programa as seguintes actividades:

- Non poderán participar nesta convocatoria as entidades que teñan solicitado ou recibido no exercicio orzamentario 2023 calquera outro tipo de achega desta Deputación.
- Non se inclúen no anterior impedimento as subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito á axuda ao desenvolvemento durante o 2023 (Programa DP0026). Porén, a suma de ambas as dúas achegas, se fora o caso, non poderá exceder de **25.000,00 €**, tendo que reducirse éstas proporcionalmente ou a elección da entidade beneficiaria.
- As actividades promovidas por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- As actividades promovidas por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 6.- Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (*)
600	Bens destinados á actividade
601	Materias primas (medicamentos, material sanitario de consumo, ...)
602	Outros aprovisionamentos (alimentos, material escolar, e outros)
621	Alugueres e cánones
623	Servizos de profesionais independentes
607	Traballos realizados por empresas
625	Primas de seguros
627	Publicidade e propaganda

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (*)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
650	Axudas monetarias de cooperación internacional
624	Transportes (gastos de viaxe concertados con terceiros: persoal voluntario, persoas beneficiarias..., en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
629	Outros servizos (gastos de viaxe, desprazamentos do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)
(*) Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.	

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

- **Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.**
- **Non se subvencionan en ningún caso os gastos seguintes:**
 - Gastos xerais (luz, auga, teléfono e internet)
 - Aloxamento e manutención do personal e voluntariado.
- **Unicamente** serán obxecto de axuda os gastos de **carácter corrente**, en ningún caso bens inventariables.
- **Para a XUSTIFICACIÓN:**
 - **Na Relación clasificada dos Gastos :**

-Para as **facturas**:

1. Se terá que identificar ás persoas acreedoras (nome da empresa e NIF) e os tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, data completa de emisión, data de pago -cando proceda-, concepto claro e conciso do gasto, o importe total da factura e o importe imputado ao proxecto) dos distintos conceptos de gastos subvencionables aprobados na solicitude.
2. Cando a entidade ten obriga de presentar declaración do IVE (realiza as liquidacións de IVE oportunas) só se imputará a base imponible da factura (importe sen IVE)
3. Cando a entidade non teña a obriga de presentar a declaración do IVE, poderase imputar o importe total da factura (incluído o IVE)

-Para os **gastos de persoal** correspondentes á actividade subvencionable gravaranse para cada traballador/a e mes dous rexistros:

1. Na conta **640** polo importe bruto da nómina (ou polo importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado).

Ademais indicarse o seguinte:

- no “Nome” o nome e apelidos do traballador/a
- no “NIF” o NIF do traballador/a
- no “Concepto” poñerase o seguinte texto: [Nómina do mes de “Indicar o mes correspondente”. Porcentaxe de imputación “Indicar a porcentaxe de imputación %”].

2. Na **conta 642** polo importe da Seguridade Social a cargo da entidade.

Ademais indicarse o seguinte:

- no “Nome” o nome e apelidos do traballador/a
- no “NIF” o NIF do traballador/a
- no “Concepto” poñerase o seguinte texto: [Seguridade social a cargo da entidade do mes de “ Indicar o mes correspondente”. Porcentaxe de imputación “Indicar a porcentaxe de imputación %”].

- Na **conta 607** - Traballos realizados por outras empresas inclúense:

Traballos necesarios para o proxecto encargados a outras empresas.

Na memoria xustificativa no apartado correspondente aos gastos xustificados terase que detallar o seguinte:

- No caso de xustificar gastos de personal, indicar as funcións e tarefas realizadas polo personal obxecto da subvención nas mensualidades xustificadas así como aclarar a porcentaxe de imputación aplicada.
- No caso de xustificar gastos de desprazamentos, detallar as datas, itinerarios e distancias, matrícula dos vehículos utilizados e titulares dos mesmos (nomes e DNI), finalidade, usuarios e importe do gasto realizado (máx. 0,19 €/km).
- No caso de que os gastos subvencionables xustificados estén en moeda distinta ao euro se terá que facer un desglose dos gastos xustificados, o importe en moeda estranxeira, o tipo de cambio aplicado e o importe en euros.

Base 7.- Período subvencionable

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023**, con independencia de que o pago dos citados gastos se realice antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención, no caso contrario, o dito gasto considerárase como non válido para efectos de xustificación da subvención. Non obstante, naqueles casos nos que as actividades foran realizadas ao final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura o documento equivalente) que foran expedidos ata o día **16 do mes de xaneiro de 2024**.

Base 8.- Compatibilidade/incompatibilidade

As subvencións deste programa son **compatibles** con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea o de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

Base 9.- Concesión

O procedemento de concesión destas axudas será o de **concesión provisional/definitiva**, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

9.1. Reformulación das solicitudes

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

9.2. Cambios de obxecto

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

Base 10.- Criterios de valoración

Son criterios de baremación do programa os seguintes:

CRITERIOS		PTOS
RELATIVOS Á ENTIDADE SOLICITANTE	Sede social na provincia da Coruña (8), delegación permanente (4) ou fóra dela (2)	8
	Entidade inscrita no Rexistro Galego de Ongd	8
	Anos de experiencia no sector (3-5 anos: 2; 6-8: 3; 9 ou máis: 4)	4
	Capacidade de xestión na provincia (1-2 empregados: 2; 3-4: 3; 5 ou máis: 4)	4
	Número de socios ou colaboradores na provincia (25-30: 2; 31-50: 3; 51 ou máis: 4)	4
	Anos de experiencia do socio local (3-5: 1; 6-8: 2; 9 ou máis: 3)	3
	Participación en plataformas, foros e redes pola beneficiaria (2) e contraparte (1)	3

CRITERIOS		PTOS
RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade (puntuación máxima): contexto, pertinencia, coherencia e descrición clara das actividades e obxectivos	7
	Beneficiarios directos (ata 50: 4; 51 ou máis: 5)	5
	Beneficiarios indirectos (ata 100: 2; 101 ou máis: 3)	3
	Prioridades xeográficas base específica 3. a), b), c) ou d): 10; e): 8; f): 6, g): 4	10
	Colectivos prioritarios base específica 3. a) ou b): 9; c) ou d): 7; e): 5	9
	Ámbitos estratéxicos base específica 3. a): 9; b): 7; c): 5; d): 3; e): 2	9
	Acción humanitaria	12
	Financiación propia (ata o 20 %: 4; 20,1-40%: 5; máis do 40%: 6)	6
	Contribucións locais (ata o 30%: 1; 30,1-50%: 2; máis do 50%: 3)	3
	Emprego da lingua galega na redacción do proxecto	2

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 5.000 € a 20.000 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 25 puntos no apartado relativo á valoración do proxecto, sempre que este acade unha valoración positiva na análise de viabilidade.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20 % da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se asignaría o 100%.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

Base 11.- Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o **30.06.2024 ás 14:00 h.**, prorrogable a petición da entidade beneficiaria ate o **30.09.2024**, en consonancia co previsto no art. 25 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP nº 150, do 10.08.2021).

Base 12.- Pago

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude. Porén, cando se trate de proxectos de cooperación internacional, as entidades beneficiarias poderán **solicitar, antes do 1 de decembro, a realización dun primeiro pagamento por importe equivalente ao 50% da subvención concedida, con carácter de anticipo prepagable**, de acordo co previsto no art. 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP núm. 150, do 10.08.2021).

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio aplicable, tendo en conta a documentación presentada e os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada na Deputación da Coruña. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

Base 13.- Publicidade

A publicidade do carácter público do financiamento levarase a cabo das seguintes formas:

- Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a **información** (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.
- Faceren constar a colaboración co logotipo da deputación nas webs nas que participe a entidade, no caso de existir ésta. O logotipo está dispoñible no seguinte enderezo: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>
- Calquera **comunicación ou publicación** das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír o logotipo da deputación.

Coa conta xustificativa a entidade presentará proba documental (fotografías, informe gráfico, enlaces, etc) sobre o cumprimento destas obrigas.

Base 14.- Subcontratación

É obriga da entidade beneficiaria a execución do proxecto subvencionado, polo que non poderá subcontratar os proxectos ou actividades obxecto de subvención. Porén, en proxectos de cooperación internacional que se leven a cabo en terceiros países deberá de terse en conta o seguinte:

- Non se considerará subcontratación as actuacións realizadas a través do socio ou contraparte local debidamente identificado no documento de formulación do proxecto.
- As entidades beneficiarias deberán asegurar a capacidade, implicación e implantación das súas contrapartes ou socios locais, así como a implicación da propia comunidade no proxecto a través da intervención da contraparte.
- Neste tipo de proxectos, e para fomentar o desenvolvemento económico local, deberá de realizarse no país terceiro alomenos un 70% dos gastos subvencionados.
- En todo caso, os proxectos deberán de demostrar con claridade a súa viabilidade mediante a análise dos seus antecedentes e contexto social, económico e cultural, obxectivos e resultados a acadar, detalle das actividades a realizar, metodoloxía, pertinencia e coherencia das solucións propostas.

Base 15.- Operacións vinculadas

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento, sen prexuízo de que as bases específicas recollan as adaptacións necesarias de acordo co obxecto da subvención.

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, **deberá cumprir os seguintes requisitos:**

1. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación, por resolución da Presidencia.
A solicitude de autorización deberá presentarse coa solicitude de subvención. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do **40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar** sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas polos propios beneficiarios/as non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se atean aos convenios colectivos en vigor.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

3.- ANEXO DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDE
DECLARACIÓNS E COMPROMISOS (dispoñibles en Subtel e que requiren aceptación expresa da entidade solicitante)
• Declaración de que a entidade está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria • Declaración de que a entidade cumpre coa obriga establecida na base 5.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, segundo a redacción do texto consolidado publicado no BOP núm. 150, do 10.08.2021 (é unha asociación cun mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data da presentación da solicitude), ou que non ten esta obriga por non ser unha asociación • Declaración de non estar incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro • Declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública e coa Tesourería da Seguridade Social • Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións • Declaración de coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal • Declaración de que a entidade utiliza a lingua galega na realización do proxecto e nos soportes informáticos e de difusión das actividades, no caso de que este se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas • Compromiso de cumprir todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras das convocatorias de subvenciones da Deputación Provincial da Coruña e nas bases específicas da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención compromiso de cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requerido pola Deputación • Declaración de que a entidade ten aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido • No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, compromiso da entidade a comprobar que o persoal ao seu cargo, que se incorpore a estas actividades con posterioridade á solicitude de subvención non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil). • Compromiso da entidade a incluír o logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e na súa páxina web no caso de existir esta.

**SOLICITUDE
DOCUMENTOS DA SOLICITUDE**

- Formulario de solicitude (Anexo I) (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
 - Certificación acreditativa do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións coa Deputación e, se fora o caso, das persoas asociadas (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
 - Memoria explicativa da actividade ou proxecto que se vai realizar. Máximo 20 páxinas.
- A memoria explicativa terá que conter os seguintes apartados:
- a) Breve introdución do proxecto.
 - b) País beneficiario e localización (se fose o caso): planos, mapas, vías de acceso, etc.
 - c) Viabilidade/sostenibilidade do proxecto: análise de contexto, políticas de apoio, aspectos institucionais, aspectos socio-culturais, enfoque de xénero, factores tecnolóxicos, factores medio-ambientais, factores económico-financeiros, xestión posterior ao remate do proxecto (se fose o caso), etc.
 - d) Identificación do socio ou contraparte local (se fose o caso): denominación, localización, memoria de actividades que realiza, administradores, responsables do proxecto, etc.
 - e) Distribución de responsabilidades e funcións entre a beneficiaria e o socio ou contraparte local.
 - f) Obxectivos xerais e específicos da intervención.
 - g) Actividades previstas, resultados esperados e indicadores obxectivamente verificables do cumprimento dos obxectivos.
 - h) Cronograma de actividades. Tendo en conta que o período de execución do proxecto terá que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
 - i) Identificación e grado de implicación dos beneficiarios finais, criterios de selección destes e grado de participación local na elaboración e execución do proxecto.
 - j) Orzamento detallado, facendo mención ao custe total do proxecto, en moeda local, se fose o caso, e en euros. O orzamento deberá adaptarse aos conceptos de gastos contenidos na base específica 6. "Gastos subvencionables".
 - k) Importe solicitado á Deputación da Coruña (que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos) e identificación exacta e pormenorizada das fontes de financiamento complementarias á solicitada á Deputación da Coruña.
- (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel na que será obrigatorio cumprimentar de maneira clara e concisa todos os apartados incluídos na mesma)
- Delegación da sinatura e alcance desta, para o caso de que a documentación necesaria vaia ser asinada por persoas distintas dos titulares da presidencia e/ou secretaría da entidade.
 - Solicitude de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade (art. 29.7.d) Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro e art. 68 do Regulamento, RD 887/2006, do 21 de xuño) (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
 - Certificación da comprobación da carencia de delitos de natureza sexual (Soamente no caso de que algunha das actividades do proxecto implique o contacto habitual con menores de idade) (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
 - Estatutos da entidade solicitante adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente. (Deberá achegar unha copia dos estatutos vixentes. Se a entidade solicitante xa constara rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento)

CONCEPTOS DE DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO*

Concepto

Bens destinados á actividade

Materias primas (medicamentos, material sanitario de consumo...)

Outros aprovisionamentos (alimentos, material escolar, e outros)

Alugueres e cánones

Servizos de profesionais independentes

Traballos realizados por empresas

Primas de seguros

Publicidade e propaganda

Soldos e salarios

Seguridade Social a cargo da entidade

CONCEPTOS DE DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO***Concepto**

Axudas monetarias de cooperación internacional

Transportes (gastos de viaxe concertados con terceiros: persoal voluntario, persoas beneficiarias,...., en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)

Outros servizos (gastos de viaxe, desprazamentos do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)

(*) En cada concepto deberán explicarse as actividades a realizar.

DOCUMENTACIÓN ADICIONAL

- Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención (De acordo co disposto na Base xeral 7 para a desistencia da solicitude ou a súa renuncia dispón dun documento na plataforma Subtel)

XUSTIFICACIÓN**DECLARACIÓN E COMPROMISOS (disponibles en Subtel e que requiren aceptación expresa do solicitante)**

- Declaración de que a entidade fixo constar a colaboración da Deputación da coruña en toda a información (impresa, informática, audiovisual) das actividades subvencionables e a inclusión do logotipo da Deputación na súa páxina web no caso de existir esta.
- Declaración de que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes
- Declaración de que a entidade RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados)
- Declaración de que o solicitante presenta a xustificación fóra do prazo establecido e ACEPTA a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención e declaro que non presentaremos alegacións nin recurso ningún ao respecto, por estar conforme coa proposta de sanción (Esta declaración suporá unha redución do 90 % do importe da sanción)
- Declaración de que a entidade cumpriu o requisito ao que se refire o art. 31.3 da Lei 38/2003, de solicitar, cando menos, tres orzamentos a tres provedores distintos no caso de que o gasto subvencionable executado por un proveedor supere a contía de 40.000,00 € para a realización de obras, ou de 15.000,00 € para a prestación de servizos ou adquisición de equipamento
- Declaración da entidade que de os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

XUSTIFICACIÓN**DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS**

- Memoria das actividades realizadas (Para confeccionar este documento dispón dunha plantilla na plataforma Subtel na que será obrigatorio cumprimentar de maneira clara e concisa todos os apartados incluídos na mesma.).
- Certificación de gastos realizados (Impreso descargable en Subtel e que se xera automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados)
- Certificación de ingresos (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
- Xustificantes do tipo de cambio aplicado (Obrigatorio cando os xustificantes de gastos non se expresen en euros)
- Declaración exención IVE (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
- Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo (OBRIGATORIA cando se xustifiquen gastos de persoal) Documento pdf que contén todas as autorizacións individuais dos traballadores (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
- Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia así como a inclusión do logotipo da deputación na páxina web da entidade no caso de existir ésta.
- Reportaxe fotográfica das actividades realizadas
- De conformidade co disposto na Base xeral 4, a entidade deberá achegar as 3 ofertas requiridas e xustificar a súa elección, salvo que ésta recaese na máis ventaxosa economicamente.
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma Subtel)
- Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente. Deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:
 - a identificación da entidade bancaria
 - o código IBAN da conta
 - o código Swift ou BIC cando sexa necesario
 - os datos identificatorios do titular da conta: NIF, nome e apelidos/denominación social

BASES REGULADORAS DEL PROGRAMA DE AYUDAS A ENTIDADES SIN FINES DE LUCRO PARA LA COFINANCIACIÓN DE PROYECTOS DE ACTIVIDADES EN EL ÁMBITO DE LA AYUDA AL DESARROLLO – AÑO 2023

Datos del programa

Unidad gestora	Servicio de Desarrollo Territorial y Transición Ecológica
Sección	Sección de Desarrollo Territorial, Coop. y Medio Ambiente
Anualidad	2023
Denominación	Programa de ayudas a entidades sin fines de lucro para la cofinanciación de proyectos de actividades en el ámbito de la ayuda al desarrollo
Beneficiarios	Entidades sin ánimo de lucro de la provincia de A Coruña
Programa	DP0025
Aplicación presupuestaria	0520/23131/481
Importe de la convocatoria	150.000,00 €
Importe del presupuesto de gastos	Sin límite
Importe de la subvención que se va a conceder	Mínimo: 5.000,00 € Máximo: 20.000,00 €
Importe solicitado	Del 20% al 80% del presupuesto de gastos subvencionables
Coefficiente de financiación	0,80

Exposición de motivos

La Diputación de A Coruña, en el marco de sus competencias, destina importantes recursos a la actividad de fomento, principalmente mediante la concesión de ayudas económicas orientadas a la promoción de actividades e inversiones, y mantenimiento de centros y servicios considerados de interés público, con la finalidad de contribuir a que las entidades de la provincia alcancen los objetivos que les son propios y de fomentar la participación de la ciudadanía en los distintos ámbitos de actuación y promover la igualdad de género.

1.- BASES GENERALES

Bases Generales reguladoras de los programas de subvenciones de la Diputación provincial de A Coruña, aprobadas por resolución del presidente de la Diputación nº 48073 de 16 de noviembre de 2022 y publicadas en el [BOP nº 224 de 25 de noviembre de 2022](#):

(https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/11/25/2022_0000007362.pdf).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Líneas generales y régimen jurídico específico

1.1. Líneas generales

De acuerdo con el criterio establecido por el Comité de Ayuda al Desarrollo (CAD) de la ONU, se define la Ayuda Oficial al Desarrollo como los flujos o las corrientes dirigidas a los países que figuran en la lista de países receptores del CAD y a las instituciones multilaterales de desarrollo con destino a receptores de esa misma lista de países, proporcionados por organismos oficiales, incluidos gobiernos estatales y locales, de carácter concesional y cuyo principal objetivo sea promover el desarrollo y el bienestar económicos de los países en desarrollo.

